



# MANUAL

**Que é libro-libre?**

**Como unirse a libro-libre**

**Como rexistrar un libro e que é o BCID**

**Que significa liberar un libro**

**Como se libera un libro**

**Apañaron o meu libro**

**Atopar e apañar libros**

**A páxina inglesa, a túa librería e buscar liberador@s**

## **Que é libro-libre?**

Libro-libre é o espello galego de BookCrossing, unha rede internacional de libros compartidos. O funcionamento é moi sinxelo. As diferentes webs adheridas a esta rede comparten a mesma base de datos. Nesta base están rexistrados todos os libros liberados no mundo polas persoas que participan na rede. Libro-libre.org permíteche acceder a esta base de datos e buscar o libro que che interese, ver que libros se liberaron hoxe na túa vila ou onde esteas para poder apañalos, coñecer opinións de anteriores lectores... E, por suposto, mediante libro-libre.org podes introducir os libros que ti queiras na rede e liberalos para que outras persoas os apañen, seguirilles a viaxe, ou, se es ti quen viaxa, ler sen cargar cun fardo deles. Un libro introdúcese na rede rexistrándoo no sistema e identificándoo cun código, o BCID (ou número de identificación de BookCrossing), que o propio sistema che dá e que debe anotarse no libro.

Únete a libro-libre e axuda a facer do mundo enteiro unha biblioteca!



## Como unirse a libro-libre

Para comezar a utilizar libro-libre o primeiro que debes facer é rexistrarte facendo clic en *quéreste unir a libro-libre?* (no ángulo superior dereito da páxina). Escolle un nome de **liberador@** (**screen name**) e cubre o formulario.

A partir deste momento, é importante que te fixes en se estás rexistrad@ ou non, pois moitas das cousas que se fan en libro-libre requiren da túa identificación previa. Para conseguila, só tes que escribir o teu enderezo electrónico e o teu contrasinal na parte superior dereita da páxina principal.

Unha vez rexistrad@, podes navegar libremente pola páxina.

Se compartes ordenador con alguén que xa estea rexistrado é preciso que saias da sesión e volvas entrar para te poder rexistrar.

Recorda que libro-libre.org é o espello galego de BookCrossing e que a rede internacional está toda adherida á mesma base de datos para que poidamos acceder a libros en todo o mundo. A base orixinal está en inglés e debido ao seu funcionamento varias das accións non se poden traducir. Por iso a continuación anotaremos tamén algúns dos termos en inglés.

## Como rexistrar un libro e que é o BCID

Para rexistrar un libro o único requisito é que esteas rexistrad@ na páxina (introducindo o teu correo-e e o teu contrasinal no ángulo superior dereito da páxina). A continuación tes que ir a *rexistrar libros* (no despregable de *libros*, na barra superior da web) e cubrir o formulario.

1. ISBN: se introduces o ISBN, a páxina encherá automaticamente o resto dos campos para os libros dos países da pestana inmediatamente superior, isto é, para EEUU, Reino Unido, Canadá, Alemaña, Xapón e Francia. Para o resto dos países deberás introducir o ISBN, pero non premas no botón *Lookup Details!* Se o libro non ten ISBN podes deixar o recadro en branco.
2. Introduce o título do libro (*Book Title*).
3. Introduce @ autor@, separados por comas se son varios (*Book Author(s)*).
4. Introduce a categoría: novela, historia... (*Book Category*).



5. Dálle unha puntuación ao libro do 1 ao 10 ou márcalo como *non lido* (*haven't read*).
6. Fai o teu comentario (*Your Coments and Review*), que será a primeira entrada para este libro, e sinala o estado (*Status*): para ler (*to be read*), dispoñible (*available*), colección permanente (*permanent collection*), reservado (*reserved*), viaxando (*travelling*).

Agora preme *rexistrar libro* (*Register Book*).

Entón aparecerá unha páxina cun número grande: é o **BCID** ou número de identificación de BookCrossing, que é o dígito que permite que a base de datos non confunda o libro con ningún outro e así lle poidamos seguir a pista. Anótao visiblemente nunha esquina do libro ou nas **etiquetas de libro-libre** que podes baixar da propia páxina (en *etiquetas e sinalética*, na barra superior de libro-libre.org).

O BCID é sempre o mesmo, con independencia do espello desde o que se solicitase, dá o mesmo que o libro fose rexistrado a partir do soporte de BookCrossing holandés, francés, inglés ou desde o galego (libro-libre.org). Se atopas un libro co seu BCID basta con que o introduzas no recadro correspondente na marxe esquerda da páxina para coñecer todos os datos que o sistema ten sobre el: data de liberación, lugar, comentarios...

O feito de rexistrar un libro non quere dicir que o teñas que liberar. Simplemente aparecerá na páxina e toda persoa que a visite saberá que o tes.

## Que significa liberar un libro

Liberar un libro consiste en deixalo nun lugar para que poida ser atopado por outra persoa.

Podemos liberar libros en **zonas de liberación oficiais**, que son aquelas que están rexistradas na base de datos como tales e que externamente se recoñecen porque teñen un cartel que pon "zona oficial de liberación". Calquera lugar pode ser unha zona oficial de liberación, basta con rexistralo como tal ao liberar un libro e poñer un cartel (que podes atopar na sección de *etiquetas e sinalética* da web, na barra superior).

Tamén podes liberar libros nun parque, nunha estación, nun supermercado ou nunha piscina, e deixar que sexa o azar quen decida cal vai ser o seu ou a súa nova lectora. Son o que se chaman **zonas de liberación salvaxes** (*leave in the wild*).



## Como se libera un libro

Para liberar un libro na rede o primeiro que debes facer é rexistralo se aínda non o está, isto é, obter o seu BCID ou número de identificación de BookCrossing (ver *como rexistrar un libro*).

Unha vez rexistrado, podes baixar **etiquetas de libro-libre** da propia páxina (en *etiquetas e sinalética*, na barra superior) e anotar o BCID ou ben escribir unha nota á man na primeira páxina, algo así como:

«Rexistrei este libro en libro-libre.org e así podo seguir a súa viaxe a través deste mundo. Por favor, visita libro-libre.org e introduce o meu BCID. Así saberei que o atopaches. Despois leo e/ou pásallo a alguén. Moitas grazas!»

Se o libro xa estaba rexistrado, levará o BCID xa anotado. Recorda que o BCID é sempre o mesmo, con independencia do espello desde o que se solicitase, dá o mesmo que o libro fose rexistrado a partir do soporte de BookCrossing holandés, francés, inglés ou desde o galego (libro-libre.org).

Unha vez rexistrado, etiquetado e co seu BCID ben visible, é preciso facer unha **nota de liberación (release notes)** para que @s interesad@s saiban que fuches ti quen liberou o libro e onde o fixeches. Para isto debes entrar en *notas de liberación* (que aparece no despregable da sección *libros* da barra superior) e seguir os pasos:

1. Introducir o BCID (*enter the BCID*) e premer seguinte (*next*).
2. Escoller como liberalo (**release type**): nunha zona de liberación salvaxe (*wild release*) ou, se llo vas prestar directamente a alguén, de forma controlada (*controlled release*), e a continuación facer clic en seguinte (*next*).
3. Escoller localización (*release location*); apareceranche dúas formas de facelo:
  - a. un atallo (*shortcut*), que che servirá se o lugar onde queres liberar o libro xa foi usado anteriormente.
  - b. introducindo o Estado (*Country*), a provincia (*State/province*), a cidade (*City*, se non aparece na lista pódela engadir en *add city*; tes que engadila e despois selecciónala) e a localización ou zona de cruzamento (*crossing zones*; se non aparece na lista tamén a podes engadir en *add a location*; tes que engadilo na lista e despois selecciónalo) e premer en seguinte (*next*).
4. Anotar a data e a hora en que se vai liberar ou foi liberado o libro (as notas de liberación tamén se poden facer a posteriori) en *date and time of release* e premer seguinte (*next*).
5. Engadir un comentario se se desexa e facer clic en finalizado (*finish!*).



## Apañaron o meu libro

Sempre que alguén apañe un libro que ti liberaches, chegarache unha mensaxe ao teu correo electrónico. Se esa persoa está rexistrada, aparecerache tamén o seu alcume.

Se a persoa que apañou o libro non está rexistrada en BookCrossing, o libro pasa a formar parte dunha biblioteca denominada AnonymousFinder.

## Atopar e apañar libros (*Go Hunting*)

Para atopar un libro concreto podes buscalo en *libros* (na barra superior da web), facendo logo clic en *buscar libros*. Aquí atoparalos por título, autor, ISBN, BCID... Non fai falla que cubras todos os campos. Pica logo en *buscar*; se está rexistrado poderás acceder ao seu **diario (journal)**. O diario é o lugar onde quedan rexistradas todas as entradas que se fan sobre un libro (onde e cantas veces foi liberado, comentarios, notas de liberación...). Polo diario saberás se o podes apañar, é dicir, se foi liberado recentemente ou se alguén o ten.

Outra posibilidade é picar en *libros liberados* (na barra superior). No despregable poderás buscar por diferentes vías:

- En *buscar* poderás iniciar a túa busca por estados, dentro de cada estado por territorio ou provincia, logo por cidades ou vilas e finalmente, cando esteas na vila que queres, apareceranche os lugares nos que se están liberando libros que podes apañar. Podes picar en cada lugar para ver a lista de libros e acceder ao **diario** de cada un, ler os comentarios que deixaron outr@s liberado@s... Ao lado de cada país e cidade apareceran os libros que se liberaron nese lugar, se os números están en cor vermella significa que se liberaron exemplares nos últimos tres días.
- En *librados recentemente* aparecerache unha lista cos libros liberados en todo o mundo na últimas 24 horas. Picando en cada libro podes acceder ao seu diario.
- Tamén podes buscar os *máis viaxeiros*, os *máis populares* e os *atopados recentemente* (estes últimos xa non poderás apañalos).

Despois só tes que ir onde estea o libro que queiras e apañalo.

- En *libros liberados* tamén atoparás a opción **diario**; se apañas un libro podes introducir aquí o seu BCID para identificalo e engadir a túa opinión. Tamén podes facelo directamente na caixa que hai na marxe esquerda da páxina principal.



## A páxina inglesa, a túa librería e buscar liberador@s

Como xa comentamos, libro-libre.org é o espello galego de BookCrossing, polo que, ao te unir e rexistrar en libro-libre.org, estalo facendo automaticamente na rede internacional de BookCrossing. Por motivos de funcionamento, hai algunhas opcións que só se poden habilitar desde a páxina en inglés. Á páxina en inglés podes acceder desde libro-libre.org ao te rexistrar no ángulo superior dereito (introducindo o teu correo-e e o contrasinal) e premer na espiral que hai ao lado. Bookcrossing.com recoñecerate inmediatamente como liberador@ e facilitarache unha **librería (Bookshelf)**.

Á túa librería podes acceder premendo na primeira pestana da barra superior (*My Shelf*) de bookcrossing.com.

A librería permítenos seguir os libros que rexistramos, apañamos e liberamos, así como ter acceso a outros datos ou escribir notas de presentación.

Nela aparecen os teus datos de liberador@, como o lugar de residencia, idade, cando te uniches a libro-libre, libros que rexistraches, que liberaches salvaxemente (*released in the wild*), que liberaches de xeito controlado (*controlled releases*), que apañaches (*releases caught*), que atopaches (*books found*)... Un chisquiño máis abaixo tamén podes ver a lista completa dos teus libros en *All Books* con todos os datos e entrar en todos os comentarios que outr@s liberador@s foron facendo.

Tamén podes **buscar liberador@s** e acceder ás súas librerías desde libro-libre.org premendo na barra superior en *@s liberador@s*. Podes buscar por zonas ou directamente a alguén que coñezas. Así accederás á librería de amig@s ou ás librerías de liberador@s que haxa na túa cidade ou onde desexes; poderás ver que libros teñen rexistrados e, se queres, enviarlle a alguén concreto unha mensaxe para preguntarlle onde ten pensado liberalo, fixar un xeito de pasarcho para que o poidas apañar... As mensaxes persoais envíanse premendo a librería da persoa coa te queres pór en contacto en *Send xxxx a private message*.

É así como se fan as **liberacións controladas**, entrando en contacto e pasándolle o libro directamente a outr@ liberador@. Isto está moi ben cando estás en disposición de liberar un libro pero queres recuperalo. Por suposto, a páxina non facilita ningún dato persoal, nin sequera o correo electrónico. A túa intimidade está garantida.